




PRIMARIA (2º CICLO): CADERNO DO PROFESORADO



Contidos e maquetación: Hermeneutika. Desenvolvemento cultural, S.L.N.E.


INTRODUCCIÓN

Achegámonos esta guía do profesorado co fin de ofertarvos materiais didácticos para que preparedes na aula, co voso alumnado, a visita ao xacemento de O Castro.

Ademais de facer unha presentación breve do que ides ver, neste caderniño propoñemos actividades previas de motivación e posteriores de reforzo para que traballedes coas e cos cativos nas aulas. Sodes vós quen mellor coñecede as necesidades e potencialidade dos nenos e nenas, e o que aquí ofrecemos son soamente propostas de traballo.

Se necesitades mais información, ou ben precisades contidos a maiores dos que presentamos, non dubidedes en solicialos a través do número de teléfono no cal concertastes a cita. Gustosamente atenderemos, na medida das nosas posibilidades, as vosas observacións e propostas.

Tamén podedes obter máis información a través do noso enlace na páxina web do Concello (http://vigo.org/conecenos/m_castro) ou ben no perfil de Facebook Xacemento O Castro.



QUE IMOS VER?

Os rapaces e rapazas visitarán unha pequena parte dun gran castro (forma de poboamento típico da Idade do Ferro no noroeste peninsular), que ocupaba a totalidade do monte do Castro. Estivo habitado, segundo os datos arqueolóxicos, entre o século III a.C. e o III d.C., momento no cal os seus habitantes se trasladan á zona litoral do actual Vigo, no contorno das rúas Areal e Rosalía de Castro.


Sería un castro moi poboado, de moi grandes dimensións, cuxos habitantes vivirían da agricultura, da gandería, da recolección de produtos vexetais e do aproveitamento de recursos mariños (pesca e marisqueo). A relación co mar sería moi estreita nos 600 anos que estivo habitado O Castro.

No xacemento, por unha banda, veremos os restos arqueolóxicos reais, formados na súa maior parte por restos de casas –aínda que tamén poderedes contemplar as canles que conformaban unha factoría artesanal-, e por outra unha recreación con varias vivendas ambientada no século I d.C. (momento de máxima expansión do castro).

Na visita, porase especial énfase nas persoas e non nas cousas, nos restos materiais que chegaron ata nós. Os obxectos arqueolóxicos –a súa difusión e o seu coñecemento-, teñen sentido porque son os restos de persoas que viviron antes ca nós.

O discurso que manexará o arqueólogo encargado da visita guiada xirará en torno a varias ideas básicas e centrais:

- As casas, as vilas onde vive a xente non foron sempre iguais. Hai uns 2000 anos, a xente vivía en castros, poboados fortificados cunhas características determinadas: casas en pedra, grandes murallas rodeando o poboado,...
- Os castrexos vivirían da agricultura, da gandería, da recolección, da pesca, do marisqueo... A base económica sería moi semellante á que sustentaba as sociedades tradicionais rurais ata hai pouco tempo.
- Un gran castro como este sería parecido a unha gran cidade actual: centro económico, social, relixioso, político,...
- Importancia da conservación dos restos arqueolóxicos e históricos como nexos de unión con esas sociedades do pasado.



COMO CHEGAR E NORMAS DE CONDUTA

O xacemento atópase no monte do Castro, concretamente no Paseo de Álvarez Blázquez. Se vides en autobús, este pode deixarvos as portas do xacemento (temos un vado habilitado para este servizo), aínda que non poderá estacionar nel.

Dispoñemos dunha caseta de recepción dos visitantes na cal poderedes deixar, se queredes, as mochilas ou as bolsas que traian os rapaces e rapazas.

Unha parte do xacemento musealizado está adaptado para persoas con discapacidades motoras: existe unha pasarela de madeira para cadeiras de rodas.

O número máximo de nenos/as por cada visita guiada é de 25. Se sodes máis, haberá que dividirse en dous grupos. Como alternativa propoñemos que, mentres un fai a visita guiada, o outro suba ata a Fortaleza, para logo intercambiarse.

A Fortaleza de Santa María do Castro é un forte militar construído no século XVII, actualmente acondicionado como parque urbano. Nela, a maiores dunhas impresionantes vistas da ría de Vigo, poderedes ver varios paneis ou mesas



interpretativas relacionadas co xacemento do Castro. Concretamente, fálase do emprazamento xeográfico do antigo poboado sobre a ría de Vigo, e poderedes contemplar outros castros do contorno.


Tamén poderase explicar os diferentes usos que tivo o monte ao longo da Historia: emprazamento dun poboado na Idade de Ferro, fortaleza de uso militar dos séculos XVII ao XX, parque urbano no século XX e na actualidade...

A visita guiada dura aproximadamente uns 45 minutos, e en todo momento o alumnado deberá estar acompañado alo menos por un docente.

Antes do comezo da visita guiada, o persoal do xacemento comentaralles aos rapaces e rapazas as normas de conduta dentro do espazo musealizado. Estas serán:

- Deberase circular sempre polos itinerarios marcados, agás na zona das vivendas recreadas.
- Non se poderá comer no xacemento.
- Non se poderán tocar os obxectos, excepto aqueles que lles indiquen os monitores.

Solicitámosvos puntualidade.



ACTIVIDADES NAS AULAS

Gustaríanos que a actividade non se cinguise unicamente á visita ao xacemento, xa que pensamos que a realización de dinámicas nas aulas axudará a que as nenas e os nenos aproveiten –e gocen- máis á saída. Polo tanto, propoñémovos actividades previas e posteriores á visita, para que fagades nas aulas.

Actividades previas de motivación


Nos materiais descargables a disposición dos docentes, existe un arquivo PDF, no cal tratamos de explicarlle ao alumnado o que vai ver: que é o Castro de Vigo, como era a xente que vivía nel, que pasou para que os restos se enterrasen co paso do tempo,... A nosa proposta é que llo proxectedes nas aulas, antes da saída, como dinámica de motivación.

Xuntamos un guión para que teñades unha guía á hora da proxección. O díxito que aparece é o número da lámina, co comentario que lle podedes facer mentres a pasades:

1. Esta é a cidade na que nós vivimos. Vemos os edificios, as rúas, o porto...Pero non sempre foi así.
2. Hai moitos anos, aproximadamente uns 2000, nun período da Prehistoria chamada Idade de Ferro, a xente vivía en poboados fortificados chamados castros. No monte do Castro, en Vigo, había un deses poboados.



3. Os seus habitantes, os castrexos, vivían da agricultura, da gandería, da caza, da pesca e da recolección.
4. Construían as súas casas con paredes de pedra e teitos de palla. Cando chegaron os romanos, empezaron a construílos tamén con tellas.
5. Os romanos trouxeron avances tecnolóxicos que os castrexos aproveitaron: un novo xeito de teitar, as moedas, alimentos transportados en ánforas,...Pola súa banda, os romanos viñan buscando materias primas (minerais como o ouro e o estaño) e novos enclaves comerciais.
6. Os castrexos viviron neste castro aproximadamente 600 anos.
7. Pero chegou un momento no que as persoas marcharon a vivir a outro lado, mais preto do mar, a carón de onde xa había unha zona industrial romana. A cidade chamada O Castro abandoouse.
8. E as casas comezaron a arruinarse e destruírse, xa que non había ninguén que as arranxase. Primeiro caeron os teitos....
9. Logo comezaron a arruinarse as paredes, e a nacer árbores e vexetación entre as casas.
10. Por procesos erosivos naturais (a chuvia e o vento) foron arrastrando terra, que pouco a pouco comezou a cubrir as ruínas das casas.




11. E os restos das vivendas daquela xente, quedaron totalmente cubertos por terra. A finais do século XIX, un arqueólogo portugués, Martíns Sarmiento, atopa no monte do Castro restos de cerámicas, tellas, ánforas,....
12. A partir de aí, e ao longo de moitos anos, varios equipos de arqueólogos empezaron a desenterrar e investigar os restos das casas e obxectos que utilizaran os castrexos moito tempo atrás.
- 13, 14 e 15. Ao longo do século XX, os arqueólogos desenterraron unha pequena parte desa antigo castro.
16. Atoparon restos das cousas que usaban os castrexos, sobre todo as vaixelas coas que cociñaban e nas que almacenaban alimentos.
17. Con eses restos de casas, fíxose un museo ao aire libre, que nos imos visitar. Nese museo veremos os restos de casas dos antigos habitantes daquel poboado da Idade de Ferro chamado O Castro, e tres casas recreadas, nas que poderemos ver como se vivía hai 2000 anos.

Actividades posteriores de reforzo.

Xuntamos varias fichas para que imprimades e llelas repartades a cada un dos nenos e nenas, como dinámica de traballo individual.

Por se tendes algunha dúbida, deixamos a solución para a actividade num. 1.

Como proposta para traballar en grupo, propoñemos dúas dinámicas: -A partir de obxectos dos seus "antergos" -neste caso avós, bisavós...-, recrear unha historia. Poderían levar os obxectos en si, ou unha foto, e preguntar aos seus maiores para que servían, que significación tiñan. (O fin é mostrarlles que os obxectos antigos teñen



valor porque transmiten coñecementos, usos, utilidades da xente que viviu antes ca nós. O obxecto arqueolóxico non ten valor por si mesmo, senón como nexo de unión coas persoas que existiron noutras épocas).

-Reconstruír a historia do seu contorno máis inmediato (parroquia, barrio, etc) usando as fontes documentais que tivesen a man (fotos antigas, libros, historias dos seus maiores,...). Incluso poderían facer traballo de campo, indo ao terreo para ver como evolucionou o espazo. (Preténdese mostrar como os lugares onde vivimos cambian co paso do tempo. O espazo evoluciona pese a que sempre está habitado por xente).